

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de novembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día trinta de novembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1277).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1278).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”. EXPTE. 147839/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17/11/17 e o informe de fiscalización do 29/11/17, dáse conta do informe-proposta do 14/11/17, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área de Benestar Social, a concelleira delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. O 15.10.2008 asinouse o «Convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do Programa

“Xantar na Casa” no Concello de Vigo» cun prazo de vixencia máximo dun (1) ano, prorrogable.

II. O Convenio, aprobado pola Xunta de Goberno Local (XGL) do 17.11.2008 xunto coas Bases reguladoras do Programa e a súa convocatoria, foi obxecto de diversas prórrogas posteriores, tramitadas e aprobadas pola XGL nos expedientes núms. 47754/301, 57513/301, 68683/301, 78792/301, 88462/301, 101195/301 e 130417/301. A última delas foi acordada, para o periodo 15.10.2016 – 14.10.2017, na súa sesión ordinaria do 07.10.2016. Autorizouse tamén no seu día unha *Addenda* pola que se modificaba a súa cláusula 3ª para permitir un máximo de 120 persoas beneficiarias.

III. O obxecto deste novo Convenio é, como o anterior, o de regular o marco de colaboración entre o Consorcio e o Concello de Vigo para continuar co desenvolvemento do Programa “Xantar na Casa”, que pretende *«facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús»* (Expoñendo II, Convenio).

IV. Como novidade, propónse agora unha vixencia do Convenio de catro (4) anos, tal como permite o Art. 49.h] da LRXSP, prorrogable por outros catro (4) anos mediante acordo expreso e unánime das partes e para un máximo de 120 prazas.

Garántese así a continuidade e estabilidade deste servizo ás persoas, que seguirá prestándose ás actuais beneficiarias e a aquelas outras que poidan acceder ó mesmo cumprindo as Bases de selección do programa, que non se modifican.

V. De acordo coa cláusula sexta do novo Convenio o custo máximo do servizo será de 7,5€ persoa/día. Desta cantidade, o Concello de Vigo e as persoas beneficiarias seguirán achegando unha porcentaxe idéntica (o 26,67%) e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar farase cargo do 46,66% restante.

VI. Para estes efectos, propónse á XGL que autorice o gasto total de 350.400 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.08 – “Programa Xantar na Casa” e a bolsa de vinculación, imputando a cantidade de 18.720 € ó exercicio de 2017 (15.10.2017 – 31.12.2017), 87.600 € para os exercicios de 2018, 2019 e 2020 e 68.880 € para o de 2021. Tratándose, polo tanto, dun gasto de carácter plurianual a efectividade das achegas previstas para o exercicio de 2018 e seguintes estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos deses anos (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26).

VII. Á vista dos informes emitidos e da demais documentación que consta no expediente de referencia e tendo en conta que na L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, indícase que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o novo «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA”» para o periodo 2017 – 2021, con efectos desde o 15 de outubro de 2017 e ata o 14 de outubro de 2021, puidendo prorrogarse por acordo expreso e unánime das partes e polo prazo permitido pola lei.

SEGUNDO: Autorizar o gasto total de 350.400 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.226.09.08 (“Programa Xantar na Casa”) e a bolsa de vinculación. Desta cantidade, imputaránse 18.720 € ó vixente exercicio de 2017 (15.10.2017 – 31.12.2017), 87.600 € ós exercicios de 2018, 2019 e 2020 e 68.880 € ó de 2021; condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos deses futuros exercicios. Autorízase igualmente a modificación das porcentaxes de imputación presupostaria a teor do Art. 174.3 do TRLRFL, ó abeiro da Base nº 26 das de execución dos orzamentos para 2017 .

TERCEIRO: Declarar que as Bases do Programa “Xantar na Casa” aplicables seguirán sendo as vixentes, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 17.11.2008 (Exp. nº 37182/301).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA (2017-2021).

REUNIDOS

Dunha parte, Don José Manuel Rey Varela, Conselleiro de Política Social, en virtude da súa condición de Presidente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto no artigo 13 dos estatutos que o regulan (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), e de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

Doutra parte, D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

I.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (en diante o Consorcio), creado en virtude do convenio de colaboración subscrito o 3 de xullo de 2006, ten como misión primordial, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local no ámbito territorial dos entes consorciados.

II.- Que o Consorcio está a desenvolver, de acordo coas súas finalidades e competencias, o programa “Xantar na Casa”, un servizo de comida a domicilio co que se pretende facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores e/ou dependentes, que non poden valerse por si mesmas para cubrir as súas necesidades básicas relacionadas coa compra ou elaboración de menús.

O programa Xantar na Casa artéllase a través da xestión por parte do Consorcio en colaboración coa Consellería de Política Social e cos concellos consorciados e forma parte do conxunto de servizos promovidos pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade dependente desa consellería.

Os obxectivos específicos que se queren acadar son os seguintes:

- Proporcionar aos beneficiarios unha alimentación de calidade e nutritiva, atendendo os casos de xeito individualizado e profesionalizado.
- Evitar o deterioro da calidade de vida das persoas maiores e/ou dependentes por teren unha dieta inadecuada.
- Previr situacións de risco que se poidan producir no proceso de elaboración da comida.
- Facilitar un respiro ás familias e aos cuidadores e impulsar medidas de apoio á conciliación da vida familiar e laboral das mulleres.
- Facer un seguemento e acompañamento individualizado de cada usuario/a do servizo por parte dos profesionais que acoden aos domicilios.

III.- Que o Concello de Vigo (en diante o Concello), adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de Convenio asinado con data de 2 de febreiro de 2007 e manifestou a súa vontade de formar parte da implantación do programa “Xantar na Casa” con data de 11 de setembro de 2008.

IV.- Que con data de 15 de outubro de 2008 o Consorcio e o Concello asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no concello. Posteriormente, con data 15 de outubro de 2009 foi asinado un novo convenio para o desenvolvemento deste programa, que foi obxecto dunha addenda de modificación asinada con data de 17.9.2012.

V.- Que con base no anterior, e co fin de continuar o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” no concello, ambas partes manifestan expresamente o seu desexo de asinar un novo **CONVENIO DE COLABORACIÓN** coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Vigo para o desenvolvemento do programa “Xantar na Casa” no mesmo.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROGRAMA

Son beneficiarias do programa “Xantar na Casa” as persoas empadroadas e que sexan residentes no concello e que cumpran os seguintes requisitos:

1º) *Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.*

2º) *Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.*

3º) *Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avaliada polos servizos sociais do Concello e sempre que se estea intervindo desde outro programa para resolver a súa situación de exclusión.*

TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS NO PROGRAMA

O Concello facilitará ao Consorcio, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais e aprobación polo órgano competente municipal unha relación dun máximo de 120 futuras persoas beneficiarias do programa, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaria. Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarias do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan, debendo garantir durante a vixencia do programa un número mínimo de 50 persoas beneficiarias. No caso de producirse unha baixa no servizo deberá producirse a comunicación dunha nova alta nun prazo non superior a un mes.

O número máximo de persoas beneficiarias do programa poderá ser modificado por acordo das partes, mediante a sinatura da correspondente addenda de modificación do convenio, atendendo ás necesidades detectadas e á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

O Consorcio desenvolverá o programa "Xantar na Casa" no concello de Vigo segundo a relación de persoas usuarias facilitada polo concello consonte ao previsto no parágrafo 1º da cláusula anterior. O Consorcio garantirá ás persoas beneficiarias do programa a entrega, cando menos, unha vez á semana no domicilio indicado, do xantar para os sete días da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.

A alimentación dos usuarios será completa e equilibrada, variada e adaptada ás súas necesidades, os seus gustos e hábitos. Todos os menús estarán supervisados por persoas técnicas especialistas en nutrición. Realizarase un inquérito de calidade con carácter periódico.

O Consorcio facilitará ademais os medios necesarios para o remonte calorífico dos xantares, así como as instrucións sobre o seu manexo e correcta utilización, asesorando presencial e/ou telefonicamente ás persoas usuarias de cantas circunstancias concorran no servizo.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Concello facilitará ás persoas beneficiarias a información necesaria sobre as características, duración e custo do servizo

de xantar, así como todas aquelas indicacións que sexan precisas para a correcta recepción deste.

QUINTA.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN RECÍPROCA

O Consorcio comunicará ao Concello calquera incidencia relativa ás persoas beneficiarias que poida producirse na prestación do programa "Xantar na casa", así como calquera información relativa ao benestar e/ou situación persoal, física, anímica ou social da persoa beneficiaria competencia dos Servizos Sociais municipais.

O Concello está obrigado a informar, así mesmo, ao Consorcio de todas aquelas cuestións relativas ás persoas beneficiarias e que poidan incidir na prestación do servizo.

O Consorcio remitirá ao Concello semanalmente un comunicado onde se consignarán as incidencias que, no seu caso, puidesen presentarse na prestación do servizo.

SEXTA.- FINANZAMENTO E PAGO

O custo máximo do servizo de xantar será de 7,5 euros por persoa e día. Desta cantidade a persoa beneficiaria achegará o 26,67%, o Concello achegará o 26,67%, e o Consorcio 46,66% restante. As achegas do Consorcio e o Concello faranse con cargo á partida prevista aos ditos efectos nos seus respectivos orzamentos.

A parte correspondente ao Consorcio, con cargo á partida 227.06.04 BX dos seus orzamentos, está financiada con cargo á transferencia para tal fin da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade dependente da Consellería de Política Social.

Calquera bonificación á parte correspondente á achega do usuario correrá por conta do Concello, con cargo aos seus orzamentos. O Concello deberá comunicar ao Consorcio a contía da bonificación, acordando entre ambas as partes a forma de liquidación da mesma.

O Concello deberá comunicar ademais ao Consorcio todas aquelas subvencións que reciba para o financiamento da súa achega, no que se refire tanto á súa contía como á institución emisora.

O Concello aboará ao Consorcio o importe da súa achega, con cargo á partida 3130 2260807, cunha periodicidade trimestral, unha vez practicada polo Consorcio a liquidación correspondente ao dito período.

SÉTIMA.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA

O Consorcio e o Concello designarán, cada un deles, unha persoa que se responsabilizará do cumprimento da obriga de comunicación recíproca das partes referida na cláusula 5ª deste convenio, e do tratamento e xestión de toda a información relativa ao desenvolvemento do programa "Xantar na Casa".

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e a Concelleira Delegada da Área de Política Social do Concello, ou persoas en quen deleguen, que se reunirá cando así se solicite por calquera das partes.

A dita comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas neste convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Os efectos do presente convenio estenderanse desde o 15 de outubro de 2017, unha vez concluída a vixencia do convenio asinado entre o Consorcio e o Concello con data de 15 de outubro de 2009.

Este convenio terá unha duración de catro anos. Non obstante, en calquera momento antes da finalización do dito prazo poderase acordar unanimemente por ambas as partes a súa prórroga por un período de ata 4 anos adicionais ou a súa extinción.

A vixencia do convenio quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No caso de impago dos custos asumidos polo Concello por un período superior a 3 meses, o Consorcio poderá rescindir o convenio, producíndose o cese da prestación do servizo no Concello.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre o Consorcio e o Concello e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Consorcio e o Concello comprométense a cumprir as medidas de seguridade, en función dos datos que poidan ser calificados como datos de carácter persoal, segundo a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas cláusulas, quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector público agás, de ser o caso, para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión de seguimento. A falta de acordo, someteranse ós órganos da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por triplicado exemplar no lugar e data expresados.

Santiago de Compostela, de novembro de 2017

3(1279).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA INTEGRADO PARA O EMPREGO “VIGO INTEGRA V”. EXPTE. 14695/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 28/11/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro de Emprego e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **3 de agosto de 2017**, a proposta do xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, acordou:

- 1.-Aprobar o proxecto denominado “Vigo Integra V”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, por un importe total de 198.147,50 €, dos que 158.518,00€ son o importe solicitado a subvencionar pola Xunta de Galicia e os restantes 39.629,50 €, son a financiar polo Concello de Vigo.*
- 2.-Solicitar á Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde de 11 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2017 e 2018.*
- 3.-Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2017 e 2018 das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.*
- 4.-Delegar no concelleiro de Emprego, Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e relacións cos sindicatos, Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

Con data 24 de novembro recíbese a notificación da concesión da subvención para a posta en práctica en Galicia do programa integrado para o emprego “Vigo Integra V”, por

resolución do Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 17 de novembro de 2017 en base a Orde do 11 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión das subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2017 e 2018 de programas para o emprego, co número de expediente TR332A/2017-6-0, na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 158.518,00 € e cofinanciado polo Concello de Vigo de 39.629,50 € para a poste en marcha do devandito programa para o emprego.

Dita resolución implica un incremento no número de participantes do programa pasando de 60 participantes aos 85 concedidos, e na cantidade solicitada inicialmente para a execución do proxecto, a cal é coincidente coa cantidade concedida de 158.518,00 € e a cantidade a financiar polo Concello de Vigo é de 39.626,50 €.

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*1.- Aceptar a subvención concedida na resolución da Director Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 17 de novembro de 2017 en base a Orde do 11 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia durante os anos 2017 e 2018 de programas integrados para o emprego, co expediente TR332A/2017-6-0 na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha **subvención** polo importe de **198.147,50 €**.*

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, a xestión do programa integrado para o emprego “Vigo Integra V”, conforme ao establecido na orde de 11 de xullo de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego durante os anos 2017 e 2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1280).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA O INICIO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E ARRANXO DAS INFRAESTRUTURAS VIAIRIAS DO CONCE-LLO DE VIGO. EXPTE. 71048/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 29/11/17, asinado polo responsable do contrato e xefe do Servizo Administrativo e Orzamentario da Área, o xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión de data 07.11.2014, acordou, entre outros:

*“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L., o procedemento aberto para a **contratación do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250)** por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE incluído) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no ANEXO I ao Prego de Prescripcóns Técnicas Particulares asimesmo o adxudicatario na súa proposta renuncia a percibir o 100% do incremento do prezo do contrato que resulte en cada momento da formula de revisión de prezos prevista no apartado 3 J da FEC, Incrementa o prazo de garantía mínimo previsto de 12 meses en 72 meses e incrementa nun 1% a aportación económica destinada ao control de calidade.*

Segundo.- En data 29.11.2017 o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal/ Director técnico do contrato de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo informa que:

“O pasado 15 de outubro de 2017, diversos incendios forestais no municipio de Vigo afectaron aos montes do contorno da cidade, adentrándose ademáis no núcleo urbano. Estes incendios provocaron numerosos deterioros das infraestructuras viarias municipais, entre outros en muros de contención de viais, nos sistemas de protección, valados...etc, como se recolle no informe do inspector municipal de data 29 de novembro.

O Contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo, adxudicado á empresa Civisglobal S.L., por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014, ten como obxecto do contrato a prestación dos servizos de acondicionamento, conservación e arranxo das infraestruturas viarias do termo municipal.

No Anexo I, Follas de Características do Contrato (F.E.C.), no punto 16.b do citado contrato se determinan como circunstancias que determinan a modificación do contrato “Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso”.

Tendo en conta o imprevisto dos incendios acaecidos e a multitude de afeccións de diversa consideración que provocaron sobre diferentes viais municipais, se considera necesario a modificación do citado contrato para incrementar as operacións de reparación e mantemento de forma urxente, de modo que se eviten riscos aos usuarios e veciños dos diversos viais municipais afectados polos incendios”.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A Xustificación é a necesidade da modificación do contrato recóllese no informe da Dirección técnica do contrato no seu informe de data 29.11.2017, reproducido nos antecedentes.

II.- As modificacións propostas atópanse en principio, tal e como se indica no informe da dirección técnica do contrato, nos supostos do artigos 106 do TRLCS e do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local, en sesión de 26 de xuño de 2014, en relación co apartado 16 das FEC do PCAP do contrato, que prevé a posibilidade de modificación do contrato nas circunstancias que seguen:

- Aspectos a modificar: Un incremento das operacións de reparación e mantemento descritas na cláusula 10 do PPT.
- Circunstancias que determinan a modificación: Un deterioro das infraestruturas viarias cuxa reparación exceda do importe previsto para a anualidade do contrato en curso.
- Límites da modificación: 20% do prezo do contrato

III.- O procedemento a seguir para a modificación dos contratos figura regulado con carácter xeral no artigo 108 e 211 do TRLCS. O tramites a seguir no presente contrato serían:

1. Audiencia ao contratista (artigo 211.1 do TRLCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal (artigo 211.2 do TRLCSP) e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 109 do TRLCSP e 102 do RLCAP)

As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 156 (artigo 219 do TRLCSP).

IV.- Competencia.- Procede elevar a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda paragrafo 3º do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Autorizar o inicio do expediente de modificación do contrato *do servizo de acondicionamento, mantemento, e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1281).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTES E ENTREGA A XESTOR AUTORIZADOS DOS RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS POLO TALLER DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 79712/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13/11/17 e o informe de fiscalización do 29/11/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/11/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado da Área de Fomento, e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.-En data 25 de abril o Xefe do Servizo de Vías e Obras emite informe no cal xustifica a necesidade e idoneidade da contratación de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo taller dese servizo.

É tamén obxecto da devandita actividade tal e como consta no prego, a recollida, transporte e entrega dos excedentes nas obras de terras e rochas non contaminadas, das utilizadas para a restauración, acondicionamento, recheo ou con fins de construción, non consideradas como residuos de acordo co art. 3 do Decreto 174/2005, de 9 de xuño polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.

De conformidade co artigo 22 TRLCSP, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto do presente expediente atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares asinado polo xefe de Vías e Obras. Do mesmo xeito, a idoneidade desta contratación fundaméntase en relación aos aspectos cualitativos na especialidade dos servizos obxecto do contrato; nos valores cuantitativos do volume variable das actuacións previstas no taller de Vías e Obras; e na variabilidade de servizos xa que os mesmos non poden ser executados directamente pola propia estrutura do Concello de Vigo.

Atendendo ás particularidades do funcionamento do taller, procédese a axustar no expediente os aspectos relacionados cos devanditos volumes de residuos, tipoloxía dos mesmos, e adecuación dos niveis de prestación do servizo, recollendo o prego de prescricións técnicas particulares as condicións específicas para o desenvolvemento da prestación de servizos.

2.- Baseándose no informe sinalado, con data 4 de xuño de 2017, o concelleiro-delegado da Área de Fomento, ordenou o inicio do expediente administrativo necesario para o comezo do procedemento de licitación.

3.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade para a contratación do servizo de servizo de acordo co establecido no artigo 22 TRLCSP polo xefe do Servizo de Vías e Obras de 25 de abril de 2017.
- b) Decreto do Concelleiro delegado de Fomento, Limpeza e Contratación de data 4 de xuño de 2017, para o inicio do procedemento de contratación.
- c) Informe xustificativo do prezo do contrato asinado polo Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas do 17 de xullo de 2017.
- d) Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Xefe do servizo de Vías e Obras de 17 de xullo 2017.
- e) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP para contratación por procedemento aberto dos servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizados dos residuos procedentes de construcións e demolicións, asinado polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías, polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, e coa conformidade do Concelleiro delegado de Fomento en data 11, 13 e 17 de outubro de 2017.
- f) Informe complementario da memoria xustificativa asinado polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras con data 3 de novembro de 2017
- g) Informe emitido pola Xefa do servizo de Contratación de comprobación documental asinado o 3 de novembro de 2017.
- h) Prego de cláusulas administrativas asinado pola xefa do Servizo de Contratación en

data 13 de novembro de 2017.

- i) Informe favorable da Asesoría Xurídica asinado pola xefa de asesoramento e a titular da Asesoría Xurídica en data 13 de novembro de 2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- Ao abeiro do establecido no artigo 109.1 TRLCSP a celebración de contratos polas Administracións Públicas requirirán a previa tramitación do correspondente expediente que iniciará o Órgano de Contratación. Nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, dita competencia corresponderá á Xunta de Goberno Local de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP e, por delegación desta aos concelleiros de Área, en virtude do Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, como esixe o artigo 109.2 do TRLCSP, incorporándose ao mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, reitoras do contrato e esixidos polo apartado 3 do mesmo artigo; así como os criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Terceiro.- O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de servizos (art.10 do TRLCSP) por ter como obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou un subministro.

Cuarto.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Quinto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación, así como os criterios que se terán en consideración para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato, de conformidade co artigo 109.4 TRLCSP e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Sexto.- A Asesoría Xurídica emite con data 13 de novembro de 2017 o informe esixido pola Disposición Adicional segunda, apartado 7 e 8 TRLCSP, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sétimo.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizos de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller do Servizo de Vías e Obras do Concello de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras de data 17 de xullo de 2017

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola xefa do Servizo de Contratación en data 13 de novembro de 2017.

Cuarto: Autorizar o gasto por importe de DOUSCENTOS MIL EUROS (200.000 euros con IVE), sendo o importe do IVE de 18.181,82 euros.

O gasto deste contrato ten a condición de gasto anticipado e coa condición de plurianual de acordo coa seguinte distribución anual:

ANUALIDADES	Importe c/IVE	Importe s/IVE	IVE
2018	91.000,00 €	82.727,27 €	8.272,73 €
2019	100.000,00 €	90.909,09 €	9.090,91 €
2020	9.000,00 €	8.181,82 €	818,18 €
	200.000,00 €	181.818,18 €	18.181,82 €

Para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria 1532.210.00.00 "Conservación de vías e espazos públicos", a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.

O Valor estimado do contrato estipúlase en TRESCENTOS NOVE MIL NOVENTA E OITO EUROS E OITENTA E UN CÉNTIMOS (309.090,81 euros).

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez